



Concello de Cuntis

BANDO

Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis,

Tendo en conta a Orde de 14 de outubro de 2020 da Consellería de Sanidade pola que se establece unha medida de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e, tendo en conta a tendencia actual crecente e, en aplicación do principio de precaución e de actuación precoz de cara a poder enfrontar os vindeiros meses na mellor situación epidemiolóxica posible considera conveniente establecer para todo o territorio galego **restricións respecto ao tamaño dos grupos de calquera actividade ou evento familiar ou social polo que se establece un máximo de 10 persoas para grupos non convivientes.**

Non será de aplicación esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos e de formación e ocupacionais, sempre e cando se adopten as medidas previstas nos seus correspondentes protocolos de funcionamento.

Polo tanto **limitase a un máximo de dez persoas os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados.**

O incumplimento desta medida de prevención pode dar lugar á imposición de sancións e outras responsabilidades previstas no ordenamento xurídico.

O establecido nesta orde terá efectos dende as 00.00 horas do 15 de outubro de 2020.

O que se informa aos efectos oportunos en Cuntis a 15 de outubro de 2020.

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE